

**BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA SUFRAGAR GASTOS
RELACIONADOS CON MEDIDAS TERAPÉUTICAS QUE APOIEN O
DESENVOLVEMENTO E O BENESTAR PERSOAL ANO 2026**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, no seu artigo 25.1, establece que "toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios".

A Constitución Española (en adiante CE) de 1978, no artigo 10.1, recolle como dereito fundamental, entre outros, "a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orde político e da paz social". En coherencia con iso, o artigo 9.2 da CE establece que lles "corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social". Por outra banda, complementariamente, o artigo 39 da CE imponlles aos poderes públicos a obriga de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O mencionado texto lexislativo recolle no artigo 49 que "os poderes públicos impulsarán as políticas que garantan a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornos universalmente accesibles".

En desenvolvemento dos principios e obrigas anteriores, servindo con obxectividade os intereses xerais (artigo 103.1 CE), o Concello de Santiago de Compostela ten a potestade e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos dirixidos a persoas en situación de vulnerabilidade social, de conformidade coa lexislación vixente.

A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, estrutura e regula os servizos sociais en Galicia de xeito que os poderes públicos galegos garanten como recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectivada das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, librando os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida económica, cultural e social. E concreta os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, que perfilan o seu ámbito propio: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, brindar protección e oportunidades sociais e educativas ás persoas menores de idade, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, ademais, previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección das persoas máis vulnerables. Especificamente, configura as prestacións económicas indicando o artigo 21.1º que son "as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de persoas menores, paliar situacións de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social".

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, recolle no seu artigo 42, os dereitos de especial protección da infancia e da adolescencia, sinalando entre outros os seguintes: a protección e promoción da súa saúde e atención sanitaria e a participar plenamente, en función do seu desenvolvemento e capacidade, na vida social, cultural, artística e recreativa do seu contorno, así como a unha incorporación progresiva á cidadanía activa. As entidades locais, conforme se fai constar no artigo 50, lles corresponde a detección, a valoración e a intervención nas situacións de risco de calquera índole e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos.

A actuación administrativa perante as situacións de risco estará orientada a conseguir:

- A mellora do medio familiar, coa colaboración dos pais, as nais, os titores, as titoras, os gardadores ou as gardadoras e do propio neno, nena ou adolescente.

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

- A idoneidade das condicións sociais, económicas e culturais dos nenos, as nenas e os e as adolescentes.

- A eliminación, a neutralización ou a diminución dos factores de risco e dificultade social mediante a capacitación dos pais e das nais para atenderen axeitadamente as necesidades do neno ou a nena ou do ou a adolescente, proporcionándolles os medios, tanto técnicos coma económicos, e a axuda necesaria que permitan a permanencia deste ou desta no fogar.

- A satisfacción adecuada das necesidades principais da ou do menor polos servizos e recursos esenciais e/ou normalizadores, propiciando as accións compensatorias adicionais necesarias, de ser o caso, para garantir o efectivo exercicio dos seus dereitos.

A infancia e a adolescencia son, pois, as etapas máis importantes do desenvolvemento, xa que marcará o que será a vida adulta. Por iso, é importante realizar unha atención temperá para previr posibles problemas no futuro. Existen persoas menores con necesidades de apoio para o seu futuro desenvolvemento persoal, necesidades relacionadas coa aprendizaxe, coa atención, coas altas capacidades, coa linguaxe e a comunicación, entre outras, que requiren dunha intervención especializada que, xeralmente, atópase no sector privado, xerando importantes gastos para as familias ás cales pertencen.

Igualmente, estase apreciando dende os Servizos Sociais Comunitarios, dificultades polas que están atravesando as familias que teñen ao seu cargo persoas menores afectadas por unha enfermidade celíaca, polo gasto que isto supón para as economías. A enfermidade celíaca é unha intolerancia permanente ao glute do trigo, cebada e centeo en persoas predispostas xeneticamente, caracterizada por unha reacción inflamatoria, de base inmune, que pode dar lugar a múltiples alteracións do organismo. O único tratamento eficaz é unha dieta exenta de glute xa que calquera alteración na mesma provoca a aparición de outras enfermidades. Esta dieta xera importantes gastos adicionais ás familias, sendo vontade deste concello o apoio económico para atender estas dificultades, en especial naquelas familias nas que concorren factores de vulnerabilidade social.

A concesión destas axudas individuais farase consonte as seguintes

BASES REGULADORAS:

1. OBXECTO E IMPORTE DA CONVOCATORIA.

1.1 Modalidades de axuda.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas económicas de carácter individual polo Concello de Santiago de Compostela, comprendendo dúas modalidades de axuda diferenciadas:

Modalidade A. Tratamentos terapéuticos.

Esta modalidade inclúe as axudas dirixidas a familias residentes neste termo municipal que seguen tratamentos privados polas dificultades e/ou trastornos da aprendizaxe ou de adaptación ao contorno, por non recibilos en servizos públicos ou porque recibíndoos, son insuficientes e contén con prescrición técnica de que deben ser reforzados. Estas axudas están dirixidas a contribuír a financiar os gastos derivados do tratamento de:

- Trastornos da aprendizaxe.
- Trastornos da linguaxe.
- Trastornos de conduta.
- Estimulación temperá.
- Altas capacidades intelectuais.
- Terapia ocupacional.

Modalidade B. Enfermidade celíaca.

Esta modalidade inclúe as axudas dirixidas a paliar o sobrecoste económico que supón para as persoas afectadas por enfermidade celíaca o mantemento da dieta exenta de glute, único tratamento eficaz desta patoloxía. A dieta exenta de glute comprende tanto os alimentos elaborados especificamente para persoas celíacas, identificados coa mención "sen glute" ou equivalente conforme ao Regulamento (UE) nº 828/2014 da Comisión, do 30 de xullo de 2014, como os alimentos que, pola súa propia natureza, están exentos de glute e que forman parte necesaria dunha dieta celiaca equilibrada e saudable, con independencia de que leven ou non etiquetaxe específica dirixida a persoas celíacas.

Esta modalidade configúrase como axuda de importe fixo por beneficiario, ao amparo do artigo 30.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, atendendo á imposibilidade material de cuantificar de forma individualizada o sobrecoste dunha dieta celiaca e á imposibilidade práctica de extraer das facturas ou tickets de compra familiar a parte do gasto imputable á persoa celíaca.

Queda excluída do ámbito desta convocatoria a sensibilidade ao trigo ou glute non celíaca, a alerxia ao glute ou ao trigo e outras patoloxías diferentes da enfermidade celíaca.

Unha mesma persoa poderá ser beneficiaria simultaneamente das dúas modalidades cando concorran nela os requisitos esixidos para cada unha delas, sendo ambas modalidades compatibles entre si.

1.2 Importe da convocatoria.

O importe máximo da convocatoria é de 100.000 €, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100.

2. RÉXIME DE CONCESIÓN.

A concesión das axudas reguladas nesta convocatoria tramitarase ao abeiro do disposto no artigo 55.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Conforme ao dito precepto, exceptúase do requisito de fixar unha orde de prelación entre as

solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, sempre e cando o crédito orzamentario consignado na convocatoria resulte suficiente para atender a totalidade das ditas solicitudes (concorrenza non competitiva).

Non obstante, no suposto de que a contía global das axudas que correspondería conceder ás solicitudes que cumpran os requisitos excedese do crédito consignado nos orzamentos para esta finalidade, a adxudicación das axudas individuais realizarase segundo a seguinte orde de prelación:

1. As solicitudes ordenaranse de menor a maior renda per cápita da unidade familiar, calculada conforme ao previsto na base 3. As axudas concederanse por orde inverso á magnitude da renda, primando ás persoas solicitantes que teñan menos ingresos, ata esgotar o crédito dispoñible.

2. En caso de empate na renda per cápita, aplicaranse os criterios de desempate previstos na base 5 desta convocatoria.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

3.1. Requisitos comúns a ambas modalidades.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser persoas menores de idade.
- b) Estaren empadroadas, e con residencia efectiva, no ámbito territorial do termo municipal de Santiago de Compostela e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciban a axuda.
- c) Non superar a renda máxima familiar anual: 5 veces o IPREM anual (12 pagas). A este respecto, enténdese por renda familiar, a agregación de todos os ingresos de cada un dos membros computables. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar os ingresos económicos, terase en conta a declaración da renda do derradeiro exercicio fiscal pechado que estea á disposición para poder realizar a consulta de datos. En dita consulta teranse en consideración as casillas correspondentes á base imponible xeral mais a base imponible do aforro da declaración consultada.

d) Non ser persoa beneficiaria doutra axuda ou prestación pública polo mesmo concepto.

e) Estar ao corrente durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Santiago e coa Seguridade Social.

f) A persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar autorizarán, de xeito expreso, o Concello de Santiago de Compostela para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), do Concello de Santiago e da Seguridade Social, de xeito telemático, os datos necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para os efectos desta convocatoria, considéranse membros computables da unidade familiar:

- Os cónxuxes ou titores/as legais, ou parellas de feito.
- Os fillos e fillas menores de idade.
- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou con medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica.
- Os fillos ou fillas maiores de idade que dependan economicamente dos proxenitores.
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

g) Non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para resultar beneficiario/a da subvención.

3.2. Requisitos específicos da Modalidade A — Tratamentos terapéuticos.

Ademais dos requisitos comúns previstos no **apartado 3.1**, as persoas solicitantes da Modalidade A deberán acreditar, mediante informe de profesional colexiado, a necesidade de tratamento periódico administrado nun centro especializado para algunha das patoloxías ou situacións previstas na **base 1 (Modalidade A)**.

3.3. Requisitos específicos da Modalidade B — Enfermidade celíaca.

Ademais dos requisitos comúns previstos no **apartado 3.1**, as persoas solicitantes da **Modalidade B** deberán ter diagnosticada a enfermidade celíaca na data de presentación da solicitude, acreditándoo conforme ao previsto na **base 4 (Solicitude e documentación)**.

4. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

4.1. Lexitimación para solicitar as axudas.

As axudas poderán ser solicitadas pola persoa que exerza a representación legal do menor beneficiario (nai, pai, titor/a legal ou persoa acolledora) ou por quen exerza a representación da persoa solicitante nos termos previstos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4.2. Documentación común a ambas modalidades.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación común para ambas modalidades:

1. Impreso de solicitude, cuberto e asinado pola persoa solicitante segundo o modelo normalizado dispoñible da sede electrónica municipal (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>)
2. DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.
3. Libro de familia ou, no seu defecto, documentación oficial que o substitúa (certificación literal de nacemento do Rexistro Civil, resolución xudicial de tutela ou documento equivalente).
4. Certificación bancaria acreditativa da titularidade do código IBAN da conta na que desexa que se ingrese a prestación no caso de que sexa concedida. A conta deberá figurar a nome da persoa solicitante da axuda.
5. Declaración responsable na que se faga constar que a persoa non está sendo beneficiaria doutra prestación pública polo mesmo concepto.

4.3. Documentación específica da Modalidade A — Tratamentos terapéuticos.

Ademais da documentación común prevista no **apartado 4.2**, as persoas solicitantes da Modalidade A deberán achegar Informe de profesional colexiado que acredite a necesidade de tratamento periódico en centros especializados.

4.4. Documentación específica da Modalidade B — Enfermidade celíaca.

Ademais da documentación común prevista no **apartado 4.2**, as persoas solicitantes da Modalidade B deberán acreditar a condición de persoa diagnosticada de enfermidade celíaca mediante Informe de profesional colexiado que acredite estar diagnosticado de enfermidade celíaca.

5. CONTÍA DAS AXUDAS

5.1 Modalidade A – Tratamentos terapéuticos.

A contía das axudas da **modalidade A** será do 90 % do gasto total realizado e ata o máximo de 1.200 €/ano.

5.1 Modalidade B – Enfermidade celíaca.

A contía da axuda na **Modalidade B** será dun importe fixo de 1.200 € por persoa beneficiaria.

5.3. Concorrencia e compatibilidade.

No suposto de que unha mesma persoa beneficiaria reúna os requisitos para acceder a ambas modalidades simultaneamente, percibirá as contías correspondentes a cada modalidade conforme aos **apartados 5.1 e 5.2**, sen que opere límite conxunto entre elas.

5.4. Criterios de desempate na prelación por renda.

No suposto previsto na base 2, cando a aplicación do criterio de prelación por renda per cápita da unidade familiar resulte en empate entre dúas ou máis solicitudes, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate, na orde indicada:

1. Persoas menores de idade, en situación de risco social, con proxecto de intervención activo por parte do Servizo municipal de Educación e Apoio Familiar, acreditado documentalmente polos profesionais do mesmo.
2. Familias monoparentais ou monomarentais.

3 .Familias numerosas.

4. Familias acolledoras.

De persistir o empate tras a aplicación dos criterios anteriores, a orde de prelación asignarase atendendo á data e hora de presentación da solicitude no rexistro electrónico do Concello.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1 Lugar de presentación.

As solicitudes, segundo o modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello conforme ao previsto na **base 13**, presentaranse preferentemente por vía electrónica, a través de calquera dos seguintes medios:

a) Sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela (sede.santiagodecompostela.gal), no apartado “Solicitude de subvencións”.

b) Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado (<https://reg.redsara.es/>).

Alternativamente, as solicitudes poderán presentarse en soporte papel na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros do Concello, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6.2. Prazo de presentación.

As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme ao disposto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6.3. Solicitudes incompletas e prelación.

A efectos da prelación temporal residual prevista na **base 5.4**, considerarase como data e hora de presentación a da efectiva incorporación ao rexistro da solicitude completa, entendéndose por tal a que conteña a totalidade da documentación preceptiva. Cando se requirise emenda conforme á **base 7**, a data de presentación, a

estes únicos efectos, será a da incorporación ao rexistro da documentación de emenda completa.

7. EMENDA E MELLORA DAS SOLICITUDES

Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, o Departamento de Servizos Sociais publicará no taboleiro de edictos electrónico do Concello e na sede electrónica (sede.santiagodecompostela.gal) a relación de solicitudes que deben ser emendadas, identificadas mediante o número de documento de identidade da persoa solicitante, requiríndolle para que no prazo de 10 días naturais, conforme ao previsto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos,

De non emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos no prazo conferido, terase á persoa solicitante por desistida da súa petición, previa resolución expresa nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8. INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DAS AXUDAS INDIVIDUAIS

8.1. Réxime e órgano instrutor.

As axudas obxecto desta convocatoria tramitaranse conforme ao réxime previsto na **base 2**, consonte os requisitos establecidos nestas bases e adxudicando, cos límites fixados nesta convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

O Departamento de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de persoa beneficiaria. Para iso poderá solicitar cantos informes considere necesarios e fará constar que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

8.2 Comisión Avaliadora.

A comprobación do cumprimento dos requisitos das solicitudes corresponderá a unha Comisión Avaliadora, que quedará integrada pola Concelleira delegada de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actuará como presidenta, e da que formarán parte 3 vogais e 1 secretario/a, todos eles persoal técnico ou administrativo dos Servizos Sociais Comunitarios.

A Comisión emitirá un informe no que se concrete o resultado da comprobación realizada, así como, no seu caso, a aplicación dos criterios de prelación e desempate previstos nas bases 2 e 5.4 desta convocatoria. A Secretaría redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

8.3. Proposta de resolución provisional.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, a vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará proposta de resolución, que incluírá a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante e a contía máxima concedida. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento.

A proposta de resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos electrónico do Concello e na sede electrónica (sede.santiagodecompostela.gal) aos efectos de reclamacións, concedéndose un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

8.4 Resolución definitiva.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das axudas, e ditará resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. O acordo da Xunta de Goberno Local porá fin á vía administrativa e publicarase na mesma forma que a resolución provisional.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42-43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

9.1 Modalidade A - Tratamentos terapéuticos.

9.1.1. Réxime de xustificación.

As axudas concedidas na **Modalidade A** xustificaranse mediante a presentación de facturas correspondentes aos tratamentos realizados, debendo os tratamentos estar prestados entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro do exercicio da convocatoria, ambos inclusive. O prazo máximo de presentación da xustificación finalizará o 15 de outubro do exercicio da convocatoria.

A xustificación presentarase preferiblemente por vía electrónica, a través de calquera dos medios indicados na **base 6.1**.

9.1.2. Documentación xustificativa.

A xustificación documental do gasto efectuado obxecto da subvención comprobarase coa presentación de:

- Facturas orixinais de gasto (correspondentes ao período subvencionable), ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, a documentación acreditativa do pagamento. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- Xustificantes bancarios do pagamento efectivo das facturas, preferentemente mediante transferencia bancaria ou pagamento con tarxeta. Os xustificantes deberán acreditar a identidade do pagador, a identidade do destinatario do pagamento, a data e o importe.

9.1.3. Subsanación da xustificación.

Cando o Departamento de Servizos Sociais aprecie a existencia de defectos subsanables na xustificación e de conformidade co previsto no artigo 71.2 do Real

Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 73, da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerá en coñecemento da persoa interesada para que, no prazo de dez días, proceda á súa subsanación.

9.2. Modalidade B — Enfermidade celíaca.

9.2.1. Réxime de xustificación.

Ao configurarse esta modalidade como axuda de importe fixo por beneficiario ao abeiro do artigo 30.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xustificación da axuda entenderase cumprida coa acreditación da condición de persoa diagnosticada de enfermidade celíaca, conforme ao previsto na **base 4.4** desta convocatoria, sen que se requira xustificación documental adicional do gasto efectuado, de conformidade co art. 30.7 LXS.

Polo tanto, a acreditación do diagnóstico, achegada coa solicitude conforme á **base 4.4**, considérase suficiente para os efectos de xustificación previa á concesión.

9.2.2. Controis posteriores.

De conformidade co disposto no artigo 30.7 da Lei 38/2003, o Concello de Santiago de Compostela poderá efectuar controis posteriores para verificar o mantemento das condicións que deron lugar á concesión da axuda, en particular a persistencia do diagnóstico de enfermidade celíaca. A negativa ou resistencia ás actuacións de control poderá dar lugar ao reintegro da axuda, nos termos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003.

9.3. Pagamento.

9.3.1. Modalidade A.

O pagamento da axuda realizarase con posterioridade á presentación e aprobación da xustificación correspondente, en función dos gastos efectivamente realizados e xustificados, e ata o importe máximo concedido conforme á **base 5.1**.

Antes de proceder ao pagamento, o Departamento de Servizos Sociais poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da finalidade da subvención.

Non poderá realizarse o pagamento da axuda en ningunha das modalidades en tanto a persoa beneficiaria non se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

9.3.2. Modalidade B.

O pagamento da axuda realizarase nun único acto tras a resolución de concesión, sen necesidade de xustificación posterior, polo importe fixo determinado conforme á **base 5.2.**

9.4. Réxime de aplicación.

Sen prexuízo do disposto nesta base, será de aplicación o establecido nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela vixentes, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

10. RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten para executalas poderán interpoñerse, potestativamente, os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da notificación ou, se é o caso, publicación do acto que se recorra.
- Alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da notificación/publicación do acto que se recorra.

11. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán utilizados unicamente para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e serán tratados exclusivamente para os efectos da concesión destas.

As persoas solicitantes das axudas serán informadas de xeito expreso, preciso e inequívoco do tratamento dos seus datos persoais polos profesionais do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, da finalidade da súa obtención, do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito á honra, intimidade persoal ou imaxe e da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, en particular o Regulamento (UE) 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

12. PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

De acordo co artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, o Concello de Santiago de Compostela remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre a presente convocatoria e sobre as resolucións de concesión que se diten ao seu amparo, nos termos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003.

A publicidade das axudas concedidas cumprirase, en ambas modalidades, a través da publicación na BDNS, na sede electrónica do Concello e no taboleiro de edictos electrónico.

13. MODELOS DE DOCUMENTACIÓN.

Os modelos de solicitude e de xustificación das axudas están ao dispor das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (sede.santiagodecompostela.gal), na sección SUBVENCÍONS E OUTROS TRÁMITES

